FALLEN LEAVES

[Aki Kaurismäki, 2023, Finlandia, 81 min., VOSG]

Lingua **Finés**
Dirección e guión **Aki Kaurismäki**
Montaxe **Samu Heikkilä**
Fotografía **Timo Salminen**
Son **Pietu Korhonen**
Elenco **Alma Pöysti, Alina Tomnikov, Jussi Vatanen**
Produción **Sputnik, Finnish Film Foundation (Finlandia)**
Distribución **Avalon**

A historia de dúas persoas solitarias que se encontran por casualidade na noite de Helsinki e tentan atopar o primeiro, único e último amor das súas vidas. O seu camiño cara a esta honrosa meta vese empañado polo alcolismo do home, números de teléfono perdidos e a tendencia xeral da vida a poñer obstáculos no camiño de quen busca a felicidade.

Premio do Xurado en Cannes (2023)

VINDEIRAS SESIÓNS

Ás 20.30 h no Teatro Principal de Pontevedra

Martes 6
INCRIBLE PERO CERTO
(Quentin Dupieux, 2022, Francia, 74 min., VOSE)

Martes 20
FUMAR PROVOCA TOSE
(Quentin Dupieux, 2022, Francia, 80 min., VOSE)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FS #200
30.1.2024

FALLEN LEAVES

AKI KAURISMÄKI

CINECLUBE PONTEVEDRA

AKI KAURISMÄKI Á PROCURA DA FELICIDADE

Por Jaime Pena

Os seus filmes tiveron sempre algo entre intemporal e anacrónico na súa ambientación, os coches, as radios, o mobiliario, que semella remitir aos anos cincuenta ou sesenta. Ao tempo, os seus últimos filmes tratan temas moi actuais e están moi ligados ao presente. Isto podes comprobalo cos filmes de Jarmusch, que é de onde vén. O que podo dicir é que os meus filmes están ambientados na época dos seus coches: o coche máis novo que vexas, ese é o ano en que acontecen. Gústame mesturar os cincuenta e os sesenta, os sesenta e os setenta. Non me gusta poñer computadores nos meus filmes porque son moi feos. Tampouco móbiles. Un teléfono dos vellos é moito máis cinematográfico.

Paréceme importante en *Fallen Leaves* non tanto as novas da guerra senón como a guerra de Ucrania influe na cotiandade dos personaxes, por exemplo co aumento do prezo da luz e como isto condiciona as súas vidas. Todo isto acontece porque a guerra está agora moi cerca e ocorre na mesma Europa. Finlandia ten unha fronteira de 1 347 quilómetros con Rusia e en 1939/40 sufrimos un ataque similar. Para os finlandeses é algo habitual, unha guerra normal. Calquera guerra resulta deprimente, pero dalgún xeito esta é a máis inquietante, estúpida e inútil de todas. De todas as guerras estúpidas esta é a máis estúpida porque non obedece a ningunha razón salvo a tolemia do psicópata que está no Kremlin.

Desde a perspectiva dun país do sur de Europa, coma España ou Portugal, vemos Finlandia como un país rico. Mais os seus personaxes son xusto o oposto: perden os seus traballos, viven na pobreza. Cales son as súas orixes sociais? Proveño da clase media, o que non impide que traballase en moi diferentes empregos, coma na construción, ou tamén no que sae no filme. Iso foi en Estocolmo, onde traballei nunha fábrica de celulosa. Dise que Finlandia é o país máis feliz do mundo, pero nunca coñecín nin unha soa persoa feliz en todo o país na miña vida. Só teñen en conta as estadísticas, canta xente está escolarizada, a puntualidade dos trens... Pero todos estes datos económicos non teñen nada que ver coa felicidade. Os finlandeses poden dicir que son felices, mais na realidade non saben como selo; en cambio, cando os portugueses afirman seren felices, transmiten esa felicidade.

O plano final é 'moi Chaplin', só que aquí o home non leva un bastón, senón unhas muletas. O que escribín no guión era que o home lembraba o mariñeiro d'*O acoirazado Potemkin* (Eisenstein, 1925), porque a iso é ao que se asemella, a un mariñeiro.

Hai moitas citas cinematográficas en *Fallen Leaves*, desde o filme de Jarmusch á discusión sobre se Bresson ou Godard... Pódese ver claramente un póster d'*O diñeiro*, de Bresson... Si, sempre o tiven na miña oficina, xusto detrás da cadeira do meu produtor, como sinalando: «Este é o home que manda nos cartos. Non preguntes moito».

Por que sempre Bresson, sempre *O diñeiro*? Non sempre, hai moitos pósters porque o meu xefe de produción é un friqui dos carteis. Filmei a escena o día en que morreu Godard. Por iso puxen os pósters fóra do cine, como homenaxe.

Continúa a ter unha sala de cinema en Helsinki? Téñoa na pequena cidade na que vivo, a sesenta quilómetros de Helsinki. Ten 10 000 habitantes. O cinema ten 110 butacas e un bar que funciona sorprendentemente ben. Entre outras razóns, porque é o primeiro cinema que ten a cidade. Houbo cinemas en espazos públicos, en sociedades de obreiros, pero nunca un cinema estable.

Que tipo de filmes poñen? De todo, tamén filmes comerciais, para sobrevivir e porque a xente quere velos. Moitos filmes infantís, clásicos, tamén acollemos festivais. Como unha sala de repertorio, cunha soa excepción: non poñemos filmes violentos, filmes que só ofrecen violencia. É o único límite.

Nos seus primeiros filmes traballaba sempre cos mesmos actores (Matti Pellonpää, Kati Outinen...). Os actores deste novo filme son completamente descoñecidos e moito máis novos. Se utilizase actores da miña idade perdería o público máis novo. A xente morre e Matti Pellonpää morreu aos 44 anos, igual ca outros. Elina Salo traballara en cine e teatro desde os cincuenta e un día dixo que se retiraba. «Para min tamén?», pregunteille. «Mesmo para ti», respondeume, aínda que en 1987 pedinlle que actuase en *Hamlet vai de negocios* e acabamos facendo sete filmes máis xuntos, ata que me dixo que non ía volver actuar. Os tempos mudan.

En Cannes comentou que non sempre pode utilizar a música que desexaría. Sempre que os ianquis teñen que ver cunha canción, esta acaba quedando fóra do meu orzamento. Van varias veces que intento usar un tema de Howlin' Wolf e nunca puiden permitirmo. Mercan por un dólar os dereitos dunha canción a un músico morto nunha pelexa no cárcere e logo piden 20 000 dólares por usala para, din, compensar os seus descendentes. Non ten familia, estades roubando! Para ser un capitalista ianqui o primeiro que precisas é ser avarento.

Recollido de *Caimán. Cuadernos de Cine*, núm. 183.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.